REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

# INCONFORMISTAS

Compostela Cultura

CONSORCIO DE SANTIAGO

GOBIERNO DE ESPAÑA

CONCELLO DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA

AUDITORIO DE GALICIA

Deputación DA CORUÑA

> Sen desviación da norma,
> o progreso non é posible.

**Frank Zappa**

# INCONFORMISTAS

04



Nun momento socialmente convulso como o que vivimos, quizais é a nosa obriga como cidadanía manifestar o noso inconformismo como noutros momentos ao longo da Historia o fixeron boa parte das persoas creadoras que protagonizan a nova temporada de abono da Real Filharmonía de Galicia.

Entendendo por persoas inconformistas aquelas que manifestan unha actitude de desacordo ou rexeitamento co establecido, o lema da nova temporada da RFG abre unha fiestra á lembranza e ao recoñecemento de todas as que para si, ou para as demais, quixeron cambiar o presente para mellorar o futuro.

A programación cultural dun concello debe ser mostra do que acontece ao noso arredor, por iso parabenizamos a Real Filharmonía de Galicia e ao seu director titular Baldur Brönnimann por achegarnos a nova creación que subirá ao palco do Auditorio de Galicia da man de Raquel García Tomás —compositora residente esta temporada—, Helga Arias, Eduardo Soutullo ou Miguel Matamoro.

Falando de inconformismo, o programa non esquece outras figuras musicais femininas que loitaron contra as trabas impostas polo seu xénero como Marianne von Martinez ou polas súas crenzas relixiosas, como Sofiya Gubaidulina nin, por suposto, músicos referentes como L. v. Beethoven, paradigma de compositor que entendeu a música como elemento para dignificar as persoas e cambiar a humanidade, ou Hector Berlioz, cuxo salto con respecto á tradición romántica temperá foi mostra do futuro.

Esta temporada de abono, como vén sendo habitual, asoma deseñada como mostra da mellor música interpretada por profesionais de recoñecida calidade artística, novas personalidades que poderemos descubrir como Chloé van der Soeterstède, Sara Ferrández, Nadège Rochat, Vasco Dantas, David Fernández, Iñaki Alberdi, Noelia Rodiles ou Vadym Kholodenko e outras figuras que regresan a traballar coa orquestra, como Nil Venditti, Jessica Cottis, Pablo González ou Amandine Beyer, artista residente neste curso 2024/25.

Ademais o programa está construído como un espazo de reflexión, que permite dialogar sobre o risco e a vangarda sen deixar atrás períodos musicais tan acordes á estrutura orquestral da Real Filharmonía de Galicia como o barroco, o clasicismo e o romanticismo. Mais tamén dá cabida á participación do público a través dunha Carta Branca no Obradoiro de Dirección.

Como orquestra pública, a Real Filharmonía de Galicia mantén a súa vertente social saíndo do seu espazo físico para achegarse ao CSC de Santa Marta, á Casa das Máquinas, á Igrexa de Santa María da Mercé de Conxo, á Cidade da Cultura, ao Festival RESIS ou participando por terceiro ano consecutivo nun proxecto tan relevante como Sensoxenoma24, nesta ocasión, acompañada da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

A Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por Markus Stenz e dous concertos de lied a cargo das sopranos Simona Šaturová, e Olga Pasiecznik, alén de concertos comentados, didácticos e familiares completan esta inconformista temporada 2024/2025.

Non podo rematar estas liñas sen agradecer as colaboracións do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) e da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago; ademais do traballo de todas as persoas que fan posible que esta interesante e fermosa programación poida desenvolverse en Compostela e, sobre todo, ao público que cada semana asiste ao Auditorio, polo seu apoio e a súa fidelidade.

Como dixo Leonard Berstein, "a música expresa o que non pode ser dito e sobre o que é imposible permanecer en silencio". Non vos conformedes con que volo conten, achegádevos e gozade do que a música expresa!

**Goretti Sanmartín Rei**
Alcaldesa de Santiago de Compostela



A historia da música é a historia das mulleres e dos homes que se atreveron a cruzar novas pontes, que se adentraron en novos territorios sonoros e que romperon moldes. Nesta nova temporada queremos presentar algunhas destas figuras que cuestionaron o establecido e nos abriron os ouvidos e a mente.

Como non podería ser doutra forma, o fío condutor desta programación serán as sinfonías de Ludwig van Beethoven, o inconformista orixinal e, tamén, en certa maneira, o fundador do repertorio orquestral moderno. En cada unha das súas nove sinfonías abriu portas novas, desafiando as vellas tradicións. A partir de Beethoven trazaremos liñas cara ao presente, pasando por compositores que, no seu tempo, foron grandes incomprendidos pero que na actualidade forman parte do gran patrimonio musical: Hector Berlioz, Franz Schubert, Anton Bruckner, Gustav Mahler, Charles Ives, Edgard Varèse, Frank Zappa… ou mulleres como Marianne von Martinez, Elisabeth Jacquet de la Guerre, Ruth Crawford Seeger... que tiveron que enfrontarse tanto con barreiras sociais como musicais.

Este ano teremos, ademais, dúas novas figuras que nos acompañarán durante toda a programación: unha artista en residencia, Amandine Beyer, e unha compositora en residencia, Raquel García-Tomás.

Fieis ao compromiso coa nova creación, encargamos a Helga Arias —xunto coa orquestra Basel Sinfonietta— e ao galego Miguel Matamoro dúas novas pezas que escoitaremos por primeira vez nos meses de marzo e de maio, respectivamente.

Pero nesta temporada non atoparemos só compositores e compositoras, senón tamén personaxes inconformistas como Lord Byron, na forma de Harold; Prometeo; Peer Gynt ou Lenore, no poema homónimo de Gottfried August Bürger.

Segue tamén, un ano máis, o noso compromiso coas novas xeracións. Así, os nosos concertos pedagóxicos enfocaranse nalgúns dos compositores inconformistas máis coñecidos, como L.v. Beethoven *(O Grande Beethoven)*, Eric Satie *(Parade, o circo dos valentes)* ou Charles Ives *(Preguntas sen resposta?)*.

Conscientes da importancia de crear novas oportunidades de formación que dean ás novas xeracións de profesionais a posibilidade de traballar cunha orquestra, continuaremos este ano co 2° Obradoiro de Composición e organizaremos, asimesmo, un Obradoiro de Dirección. Ademais, en outubro, as novas voces galegas terán o seu espazo nun programa que facemos en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago. E como sempre, nos nosos concertos estaremos acompañados polo alumnado do Curso de Alta Especialización Orquestral (CAEO) e polo noso flamante director asistente, Sebastian Zinca. Todos eles, coa súa vivaz enerxía, fannos imaxinar un futuro ben fermoso.

Tamén seguimos comprometidos cos proxectos de carácter social. Deste xeito, formaremos parte de Sensoxenoma24 en setembro, e repetiremos o proxecto participativo Cantamos! para coros de toda Galicia, en decembro.

Pero os inconformistas somos tamén todos nós: vostedes, os que sentan na butaca para escoitar música, e nós, os que a tocamos e a presentamos en cada concerto. Compartirmos estes momentos é un acto de rebeldía contra o ruído diario, un refuxio contra os berros e contra todo aquilo que quere facer pequenas as nosas mentes. O gran repertorio, desde Beethoven aos nosos días, inténtanos levar a novos horizontes de experiencias sonoras. Por iso quero convidar a todo o mundo a compartir con nós a música máis inconformista, importante e imprescindible do pasado, do presente e do futuro.

Benvidas e benvidos á nova temporada da Real Filharmonía de Galicia!

**Baldur Brönnimann**
Director titular e artístico da
Real Filharmonía de Galicia



# AMANDINE BEYER
## ARTISTA EN RESIDENCIA


Páx 27 **OS ELEMENTOS**
28 NOV Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)
29 NOV Ourense (Teatro Principal)

Páx 42 **MARIANNE E MADDALENA**
13 FEB Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)
14 FEB Lugo (Círculo das Artes)

Páx 57 **#2 (EN)FOCO**
15 MAI Vigo (Centro Cultural Afundación)
16 MAI Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)

Desde o inicio da súa carreira, hai máis de vinte anos, Amandine Beyer ofreceu concertos en todo o mundo, tocando en prestixiosas salas como a Philharmonie de París, o Carnegie Hall de Nova York, o Wigmore Hall de Londres, Bozar en Bruxelas, o Oji Hall de Toquio... Foi convidada regularmente como solista e directora por conxuntos como Freiburger Barock Orchester, Akademie Für Alte Musik, Arion Orchestra de Montreal, European Union Baroque Orchestra, Tafelmusik Baroque Orchestra de Toronto, Les Siècles, Ensemble 415 de Chiara Banchini ou Finnish Baroque Orchestra.

En 2006, Amandine Beyer funda o seu propio grupo, Gli Incogniti, co que aborda a música de Bach, Vivaldi, Corelli, Pachelbel, Matteis, Couperin, CPE Bach, Haydn, Mozart... Gli Incogniti tocou nos máis prestixiosos festivais e salas de concerto tanto en Francia (Philharmonie de París, Théâtre des Champs Elysées, Arsenal de Metz, Opéra de Bordeos, Festival Radio France Montpellier Occitanie, Festival de Saintes…) como do resto do mundo (Boston Festival, Bergen International Festival en Noruega, Wigmore Hall, Concertgebouw de Bruxas, Flagey e Bozar en Bruxelas, Philharmonie de Liexa, Philharmonie de Luxemburgo…).

Desde a gravación en 2008 das *Catro Estacións* de Vivaldi, que dá a coñecer o grupo ao gran público, a discografía de Amandine Beyer e de Gli Incogniti é recibida calorosamente pola crítica e recompensada con numerosas distincións (Diapason d'Or, Choc de l'année, Gramophone Editor's Choice, 4F de Télérama). Na actualidade, a discografía deste grupo conta con máis de 16 títulos.

En 2011 Amandine Beyer grava as *Sonatas e Partitas* de J.S. Bach (Zig-Zag Territoires/Outhere Music) que obtén un enorme éxito de crítica e público. Pouco despois é chamada pola coreógrafa Anne-Teresa de Keersmaeker (directora da compañía de danza Rosas) para crear o espectáculo *Partita 2*, co que realizará unha xira internacional.

Esta colaboración continúa en 2018 coa participación do seu grupo Gli Incogniti no proxecto *The Six Brandenburg Concertos*. En 2022, colaborarán unha vez máis coa obra *Mystery Sonatas / for Rosa* que pon en escena a integral das *Sonatas do Rosario* do compositor austríaco Heinrich Ignaz Franz Biber.

Paralelamente, Amandine Beyer desenvolve unha importante actividade camerística con músicos como Pierre Hantaï, Kristian Bezuidenhout ou Andreas Staier, que abarca desde o repertorio barroco ao romántico con compositores como Schubert ou Beethoven. En 2015 crea o Kitgut Quartet, cuarteto de cordas con instrumentos históricos.

Amandine Beyer é profesora de violín barroco na Schola Cantorum Basiliensis desde 2010. Apaixonada da ensinanza e a transmisión, crea en 2017 unha Academia de música de cámara e traballo corporal con Gli Incogniti. É convidada regularmente para impartir clases maxistrais por todo o mundo (Italia, Alemaña, Taiwán, Estados Unidos, Canadá…).



# RAQUEL GARCÍA-TOMÁS

## COMPOSITORA EN RESIDENCIA

Páx 18 **Las estrellas que más brillan**
03 OUT Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)

Páx 24 **Ceci n'est pas une vals**
07 NOV Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)
08 NOV Vigo (Centro Cultural Afundación)

Páx 51 **Blind Contours núm. 2**
24 ABR Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia)
25 ABR Pontevedra (Centro Cultural Afundación)
26 ABR A Coruña (Palacio da Ópera)

Raquel García-Tomás é unha compositora especializada en creacións interdisciplinarias e doutora polo Royal College of Music de Londres. No ano 2020 foi galardoada co Premio Nacional de Música “polo carácter interdisciplinar, innovador e arriscado dunha linguaxe compositiva singular e propia” e, recentemente recibiu o Premio Nacional de Cultura da Generalitat. Tamén recibiu o Premio O Ollo Crítico de Música Clásica de RTVE no ano 2017 “pola orixinalidade das súas formulacións e polo uso e combinación da linguaxe compositiva con linguaxes tecnolóxicas e audiovisuais”.

A súa música foi interpretada en salas como o Gran Teatre del Liceu, o Auditorio Nacional de Música de Madrid, L’Auditori de Barcelona, o Palau de la Música Catalana, Wigmore Hall de Londres, Queen Elizabeth Hall (Southbank Centre), Filharmonía de Luxemburgo, Het Concertgebouw, Wiener Konzerthaus, Musikverein, Elbphilarmonie de Hamburgo, Konserthuset de Estocolmo... A súa música estivo presente en festivais como o Huddersfield Contemporary Music Festival, o Kunstfest Weimar e o Festival de Lucerna e colaborou con agrupacións como a London Sinfonietta, a Oslo Sinfonietta e o Phace Ensemble.

No marco da creación operística, é creadora de *DIDO Reloaded* (2013) e, grazas ao proxecto *Go, ÆNEAS, go!*, en 2014 recibe o Berliner Opernpreis da Neuköllner Oper. En 2015, estrea *disPLACE – II. Història d’unha casa* (texto de H. Tornero e dirección escénica de P. Pawlik) no festival vienés MusikTheaterTage Wien, reinterpretada despois nos Teatros del Canal dentro da programación xeral do Teatro Real de Madrid 2016/17.

En 2018 crea a ópera bufa *Je suis narcissiste* con H. Tornero e M. Pazos, que se estrea nas temporadas 2018/19 do Teatro Real de Madrid, o Teatro Español e o Teatre Lliure de Barcelona. *Je suis narcissiste* foi gañadora dun Premio Alícia na categoría ‘Interdisciplina’ e nomeada ao International Opera Awards 2020 na categoría de World Premiere e aos Premios Max en tres categorías. Na temporada 2022/23, estrea *Alexina B.* no Gran Teatre del Liceu. Esta ópera, creada xunto coa libretista Irène Gayraud e a directora de escena Marta Pazos, foi merecedora da Bolsa Leonardo da Fundación BBVA 2020 e nomeada aos International Opera Awards 2023 na categoría de World Premiere.

Os proxectos máis destacados na actualidade inclúen a obra sinfónica *Las constelaciones que más brillan*, con interpretacións posteriores na Elbphilharmonie de Hamburgo e o Konserthuset de Estocolmo. *O cuarteto de corda à plein*, foi estreado polo Cuarteto Quiroga no Palau de la Música Catalana, e *Ara si que ets divina*, acaba de estrearse coa OBC, baixo a dirección de Ludovic Morlot, para conmemorar o 25º aniversario de L’Auditori de Barcelona.

Na temporada 2024/25, Raquel será a compositora convidada do Palau de la Música Catalana e compositora en residencia da Real Filharmonía de Galicia.

# INCONFORMISTAS EN PERSPECTIVA

Unsuk Chin
Frank Zappa
George Antheil
Peter Eötvös
Claude Debussy

# HÉCTOR BERLIOZ

Ruth Crawford-Seeger
Anton Bruckner
Marianne von Martinez
Franz Liszt
Edgard Varèse

Eric Satie
Helga Arias
Eduardo Soutullo
Charles Ives

# LUDWIG VAN BEETHOVEN

Miguel Matamoro
Sofiya Gubaidulina
Gustav Mahler
Franz Schubert

Fanny Mendelssohn
Maddalena Lombardini
Karol Szymanovski
Jean-Féry Rebel
Elisabeth Jacquet de la Guerre

# RAQUEL GARCÍA-TOMAS

Iniciamos andaina cunha escolma de compositores e compositoras que forman parte da nosa temporada. Creadoras e creadores que, no seu tempo, se enfrontaron á incomprensión —e moitas veces ao odio e á hostilidade— porque se atreveron a cuestionar a norma.

Grazas á súa valentía abríronse novos camiños artísticos que mudaron (e mudarán!) para sempre a historia da música.

TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

# PRO

# GRAMA

# OUTUBRO

# ABONO ESTRELAS FANTÁSTICAS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**Alena Baeva, violín**

Raquel García-Tomás: Las constelaciones que más brillan
Karol Szymanovski: Concerto para violín e orquestra núm. 2, op. 61
Hector Berlioz: Sinfonía Fantástica, op. 14



**XOV 3 OUT (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...** Baldur Brönnimann
Sala Mozart, 19:45 h

Raquel García-Tomás é a compositora en residencia da presente temporada; a súa obra *Las constelaciones que más brillan* ofrece unha ollada luminosa ao cosmos, con sons agudos de estrelas e graves de nebulosas, e con Ravel como luz inspiradora. Szymanovski, o compositor polaco máis importante despois de Chopin, evoluciona desde o impresionismo ata a música de raíz popular *alla maniera* de Stravinski; un exemplo é o *Concerto para violín núm. 2*, de 1933, unha explosión de alegría a pesar da tristeza da súa vida persoal e política. Difícil foi tamén a vida de Berlioz, encarnación do ideal romántico, exaltado e temperamental, retratado na súa *Sinfonía Fantástica.* Escrita para unha enorme orquestra, impensable na época, transcorre como unha sucesión de movementos orquestrais biográficos: no cuarto movemento escóitase como a orquestra lle corta, directamente, a cabeza.

Coa participación do alumnado da EAEM







# ABONO ECOS SINFÓNICOS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Sebastian Zinca, director**

Eduardo Soutullo: All the echoes listen
Ralph Vaughan Williams: Fantasía sobre un tema de Thomas Tallis
Jean Sibelius:  Sinfonía núm. 4 en La menor, op. 63

**XOV 10 OUT (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...** Sebastian Zinca
Sala Mozart, 19:45 h

**VEN 11 OUT**
**Centro Cultural Afundación, 20:30 h**
**PONTEVEDRA**



O compositor galego Eduardo Soutullo —Premio Nacional de Música no ano 2023— abre o concerto con *All the echoes listen*, unha partitura na que o desexo de liberdade e de exquisitez sonora latexa nas tres partes que a conforman. Moito máis apegado ás súas raíces, Vaughan Williams deixou unha extensa obra, da que a *Fantasía sobre un tema de Thomas Tallis*, que comparte a idea dos ecos da primeira obra deste programa, ficou no imaxinario como unha obra netamente británica desde a súa estrea en 1910, a pesar de que naqueles anos a influencia de Ravel impregnaba toda a súa obra. Igualmente lonxevo, Sibelius afonda na angustia e na dor como experiencia creativa na súa *Cuarta Sinfonía*, unha obra enigmática e excepcional dentro do seu ciclo sinfónico, que el mesmo dirixiu ante o rexeitamento frontal do público, non habituado a ese lirismo descarnado co que o compositor finés amosaba a desolación do mundo.

Coa participación do alumnado da EAEM

# NOVAS VOCES GALEGAS

EN COLABORACIÓN CON AMIGOS DA ÓPERA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Diego Martin-Etxebarria, director**
**Emilia Pérez, soprano**
**Lucía Iglesias, soprano**
**Lucas López López, barítono**

Wolfgang Amadeus Mozart: As vodas de Fígaro (Abertura e extractos)
Gioachino Rossini: O barbeiro de Sevilla (Abertura e extractos)
Domenico Cimarosa: O matrimonio secreto (Abertura e extractos)
Johann Strauss: O morcego (Abertura e extractos)



**XOV 31 OUT (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...** Diego Martin-Extebarria
Sala Mozart, 19:45 h

As sopranos Emilia Pérez e Lucía Iglesias e o barítono Lucas López protagonizan este serán lírico no que poderemos escoitar algúns fragmentos de óperas moi coñecidas. *As vodas de Fígaro* estreouse en 1786, co preceptivo "final vienés" imposto polo emperador, que prohibía presentar óperas tráxicas no seu Teatro Imperial. Máis liberdade creativa tivo Rossini, que en tres semanas compuxo *O Barbeiro de Sevilla*, baseada tamén na triloxía de Beaumarchais e, como era o seu costume, reutilizando música anterior. Dous meses despois da morte de Mozart, Cimarosa presenta en Viena *O matrimonio secreto*, cun éxito que non tivo na súa estrea a ópera rossiniana. O programa achégase ao século XIX cunha opereta, *O morcego*, que consagrou a Johann Strauss fillo, a pesar da súa posición política e da rotunda hostilidade do seu pai, con quen protagonizou unha das rivalidades máis soadas no mundo da música.








# NOVEMBRO

# ABONO ROMÁNTICA

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**

Raquel García-Tomás: Ceci n'est pas une valse*
*Co-encarga da Real Filharmonía de Galicia, Palau de la Música Catalana, Orquestra Simfònica del Vallès, e Fundació Catalunya-La Pedrera. Estrea absoluta
Anton Bruckner: Sinfonía núm. 4 en Mi bemol maior "Romántica"



**XOV 7 NOV (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...**
Baldur Brönnimann
e Raquel García-Tomás
Sala Mozart, 19:45 h

**VEN 8 NOV**
**Centro Cultural Afundación, 20:00 h**
**VIGO**

Posuídora dunha linguaxe poliédrica, Raquel García-Tomás comparte moitos códigos sonoros co gran público. Este desexo comunicativo impregna *Ceci n'est pas une valse*, co-encargo da Real Filharmonía, que parafrasea musicalmente o cadro de Magritte e o texto de Foucault. Unha visión do mundo ben diferente é a de Bruckner, o compositor solitario e tímido que buscou ata a anguria o recoñecemento da crítica. Inseguro das súas creacións, que adoitaba revisar, a *Sinfonía núm. 4* —chamada "Romántica" por el mesmo— gozou dun grande éxito na vida do compositor. Nela amosa o seu desmedido amor pola natureza, vista cos ollos dun wagneriano devoto. Bruckner non podía imaxinar cando a compuxo, no ano 1878, que chegaría a ser o compositor predilecto de Hitler e de Goebbels e que o mosteiro de Linz, onde estudou e está embalsamado, sería a sede da radiocorporación do 3° Reich na súa homenaxe.

Coa participación do alumnado da EAEM











# ABONO CANCIÓNS DE AMOR E DE BERCE

## CICLO DE LIED

EN COLABORACIÓN CON AMIGOS DA ÓPERA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Simona Šaturová, soprano**
**Marek Kozák, piano**

Antonin Dvořák: Cancións de amor op. 83 (selección)
Josef Suk: Canción de amor op. 7
Alexander von Zemlinski: Cancións de vals op. 6 (selección)
Robert Schumann: Arabesque en Do maior op. 18
Claude Debussy: Noite de estrelas; Noite fermosa; Claro de lúa
Karol Szymanowski: Tres cancións de berce op. 48
Bohuslav Martinů: Canción de berce H232
Frédéric Chopin: Balada en fa menor op. 52
Richard Strauss: Mañá! op. 27 núm. 4; A noite op. 39 núm. 3; Serenata op. 17 núm. 2

**VEN 15 NOV (12€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**

Unha das expresións máis comúns dos pobos foron as cancións, os países da Europa do Leste non son unha excepción e a súa riqueza vese reflectida neste concerto que amosa algunhas xoias de compositores checos como Dvořák, Suk ou Martinů, os cales desenvolveron a súa propia escritura musical baseándose na linguaxe tonal tradicional. Tamén desde Polonia ou Austria visitamos a tradición esencialista do lied de orixe romántica que acabaría desaparecendo despois da Primeira Guerra Mundial.

# ABONO CINEUROPA

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Timothy Brock, director**

## *Steamboat Bill, Jr. (O heroe do río)*

Directores do filme: Buster Keaton e Charles Reisner (EUA, 1928)

Música: Timothy Brock (2003)



**XOV 21 NOV (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**

A cita anual de Cineuropa coa Real Filharmonía de Galicia vén este ano da man de *Steamboat Bill Jr.* (en galego traducida como *O heroe do río*), o filme que en 1928 dirixiron Charles Reisner e Buster Keaton, quen tamén a protagonizou. Para esta comedia muda, o director e compositor Timothy Brock escribiu, en 2003, unha banda sonora na que pasea pola ironía, a dozura e a extravagancia da película, a través dun traballo orquestral cheo de matices. Como o propio compositor manifesta, compoñer música para Keaton demanda pensar moito na relación narrativa entre a escena e a música, en termos de sincronía e cores musicais, pero demanda tamén saber rir... como lle aconteceu a Shostakovich, gran compositor para cinema, en 1926 cando, acompañando ao piano unha película de Chaplin, non puido sufocar unha sonora gargallada, gañando o seu despido fulminante.







# ABONO OS ELEMENTOS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Amandine Beyer, directora e primeiro violín**

Jean-Féry Rebel: Les Élements
Elisabeth Jacquet de la Guerre: Céphale et Procris *(Suite)*
Jean-Marie Leclair: Scylla et Glaucus *(Suite)*
Jean Philippe Rameau: Zoroastre *(Suite)* e Les Fêtes d'Hébé *(Suite)*

**XOV 28 NOV (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
CONVERSANDO CON... Amandine Beyer
Sala Mozart, 19:45 h

**VEN 29 NOV**
**Teatro Principal, 20:00 h**
**OURENSE**



Discípulo de Lully, o compositor barroco Jean-Féry Rebel foi o director do aclamado conxunto Les 24 violons du Roi. A súa obra *Les Élements* percorre en sete seccións o singular camiño que vai desde o caos inicial á orde e beleza que os catro elementos traen ao universo: as frautas representan a auga e o aire; o baixo, a terra, mentres que os violíns simbolizan o lume. Este programa prosegue coa *suite* da ópera *Céphale et Procris*, da compositora e famosísima clavecinista Elisabeth Jacquet de la Guerre, obra que a fixo célebre no París de 1694. De la Guerre, a pesar dos seus éxitos, deixou de compoñer de maneira misteriosa. Pero se se fala de enigmas, a morte de Leclair, o compositor da *suite Scylla et Glaucus*, é sen dúbida unha das máis indescifrables da historia da música. Dúas *suites* de Rameau pechan un concerto repleto de xoias barrocas da música francesa, que trae aos atrís da RFG a artista en residencia Amandine Beyer.

# DECEMBRO

# ABONO DESAFIANTES

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Nil Venditti, directora**
**Noelia Rodiles, piano**

Ludwig van Beethoven: As criaturas de Prometeo, op. 43 (Abertura)
Wolfgang Amadeus Mozart: Concerto para piano en La maior núm. 12, KV 414
Marianne von Martinez: Concerto para piano en La maior
Franz Schubert: Sinfonía núm. 2 en Si bemol maior D. 125



**XOV 5 DEC (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...** Nil Venditti
Sala Mozart, 19:45 h

**VEN 6 DEC**
**Círculo das Artes, 20:00 h**
**LUGO**

Unha temporada que ten como lema *Inconformistas* tiña que dedicar un lugar salientable a Beethoven, quen asumiu enormes riscos construtivos e estéticos, renovando tanto a linguaxe musical como o sentido ético da existencia. Do seu ballet *As criaturas de Prometeo* só se conserva a música, na que a abertura é unha parte esencial. Inconformista foi tamén Marianne von Martinez, quen, a pesar do seu recoñecemento como compositora, nunca puido ocupar un posto profesional como o de *Konzertmeister*, cargo que si ostentou o seu compatriota Mozart. De ambos soarán os seus *Concertos para piano en La maior*, tan extraordinarios como diferentes. Vienés como von Martinez, Schubert compuxo a *Sinfonía núm. 2* en 1815, unha obra na que utiliza material do *Prometeo* de Beethoven e na que amosa todo o seu xenio creativo, a pesar do cal ningunhas das súas nove sinfonías foron estreadas en vida do compositor.









# ABONO DIRECCIÓN FUTURA

## OBRADOIRO DE DIRECCIÓN

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**

Carta branca das persoas abonadas

**XOV 12 DEC (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**



Unha das misións da Real Filharmonía de Galicia é o seu compromiso coas novas xeracións de músicos, sexan intérpretes —a través da Escola de Altos Estudos Musicais—, compositoras/es —mediante encargas ou co Obradoiro de composición— ou novas/os directoras/es —coa organización deste novo taller de dirección. Guiado por Baldur Brönnimann, apaixonado por ofrecer formación a profesionais que comezan as súas carreiras na música, este obradoiro será un punto de encontro para batutas das máis diversas procedencias, que agardamos se converta nun fervedoiro de inconformistas: as directoras e os directores das orquestras do futuro!

Coa participación do alumnado da EAEM

# ABONO CANTAMOS!

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia**
**Javier Fajardo, director**
**Susana García Pico, soprano**
**Alberto Miguélez, contratenor**

PROXECTO COLABORATIVO CON COROS DE GALICIA

Antonio Vivaldi: Gloria, RV 589
Georg Friedrich Haendel: O Mesías (extractos)



**XOV 19 DEC * (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...** Javier Fajardo
Sala Mozart, 19:45 h

* Este concerto repetirase o venres 20 de decembro fóra de abono

Unha das poucas experiencias máis satisfactorias que escoitar música xuntos é facer música xuntos. Neste concerto participativo, orquestra e público traspasan as fronteiras convencionais entre intérpretes e audiencia para mergullarse, como un colectivo, no *Gloria RV 589*, o máis coñecido do *prete rosso*. Vivaldi desenvolve nesta obra un dos primeiros exemplos de unión entre *estilo antico e novo*, a través de fortes contrastes emocionais, ambiente ideal para achegarse á música participativa máis viral desde que se compuxo en 1742. *O Mesías* de Haendel contén unha exaltación de alegría tan contaxiosa que cando se interpretou o *Aleluia* na estrea (na Semana Santa e non no Nadal) o rei de Inglaterra levantouse do asento e, por protocolo, con el todo o público, polo que hoxe en día continúa escoitándose de pé en Londres.





# XANEIRO







# ABONO O INCONFORMISTA

## CONCERTO DE REIS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**Lorena Conde, dramaturxia**
**Tamar Novas, actor**

Edvard Grieg: Peer Gynt (selección)

**DOM 5 XAN (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**

**XOV 9 XAN**
**Centro Cultural Afundación, 20:00 h**
**VIGO**



Se Edvard Grieg é o compositor máis coñecido de Noruega, *Peer Gynt* é a súa obra máis destacada. Ten a súa orixe na obra homónima do dramaturgo Henrik Ibsen, compatriota e amigo de Grieg, quen lle encargou facer a música incidental para esta historia insólita, que narra as peripecias dun personaxe extravagante e antiburgués. O compositor recrea musicalmente o mundo polo que transita o desenfadado protagonista: paisaxes sonoras nórdicas e orientais sitúan a Peer ante a pena pola morte de Aase —a súa nai—, o encontro cos *trolls* ou o rapto da noiva Ingrid. Grieg fixo dúas *suites* orquestrais da obra, que son as que adoitan ser interpretadas e que permiten diversas lecturas: música descritiva para unha historia de aventuras ou música que percorre o interior do corazón humano.

TEMPORADA 2024-2025

# ABONO ORQUESTRA CONVIDADA

**ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**
**Markus Stenz, director**
**Liza Ferschtman, violín**

Robert Schumann: Concerto para violín en Re menor
Gustav Mahler: Sinfonía núm. 5 en Do sostido menor



**XOV 23 XAN (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**

Asociamos normalmente a Schumann co piano. O seu nome suxire exaltación melódica, densidade e profundidade, que elevaron a literatura pianística a cotas inimaxinadas; porén, toda a súa xenialidade desprégase tamén no *Concerto para violín en Re menor*, a súa última grande obra, moi virtuosa, escrita no límite da súa lucidez. O seu dedicatario, o celebrado violinista Joseph Joachim, considerouna unha mostra da súa loucura. E entre a racionalidade e o inefable adoita ser presentada a *Quinta Sinfonía* de Mahler, que comeza cunha inusual marcha fúnebre coa que nos introduce nunha obra de tanta complexidade conceptual como fondura emocional. Despois de tres sinfonías con voz, Mahler regresa á forma sinfónica pura para expresalo todo: a risa e o choro, a morte e a vida, o lírico e o dramático… esta sinfonía é unha das súas obras máis interpretadas na actualidade a pesar de que a rescribiu en varias ocasións, sempre insatisfeito.











# ABONO ÚNICAS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Chloé van der Soeterstède, directora**
**Nadège Rochat, violonchelo**

Fanny Mendelssohn: Abertura en Do
Anna Clyne: Dance for Cello and Orchestra
Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 8 en Fa maior, op. 93

**XOV 30 XAN (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**PRE-CONCERTO ALUMNADO EAEM**
Sala Mozart, 19:30 h

**VEN 31 XAN**
**Auditorio de Ferrol, 20:30 h**
**FERROL**

Fanny Mendelssohn é unha das compositoras recuperadas nos últimos anos. A súa *Abertura en Do*, única obra orquestral asinada pola compositora, foi estreada nas coñecidas *Sonntagsmusiken* berlinesas que organizaba na súa casa e que chegaron a acoller máis de 300 persoas. A británica Anna Clyne si goza en vida de todos os recoñecementos á súa traxectoria. Presente nas temporadas das orquestras internacionais, a súa *Dance for Cello and Orchestra* foi definida pola crítica como unha das pezas máis conmovedoras da música contemporánea. O programa finaliza coa *Sinfonía núm. 8* do compositor inconformista de maior presenza na temporada, Ludwig van Beethoven: a viveza e escritura do seu último movemento preludia xa a xenialidade da *Novena*.

Coa participación do alumnado da EAEM

# FEBREIRO

# ABONO MARIANNE E MADDALENA

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Amandine Beyer, directora e violín**

Marianne von Martinez: Sinfonía en Do maior
Maddalena Lombardini: Concerto para violín núm. 3 en La maior, op. 3
František Xaver Richter: Sinfonía con fuga en Sol menor, op. 7



**XOV 13 FEB (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
PRE-CONCERTO ALUMNADO EAEM
Sala Mozart, 19:30 h

**VEN 14 FEB**
**Círculo das Artes, 20:00 h**
**LUGO**

Poucas persoas tiveron en Viena a exquisita educación de Marianne von Martinez, procurada polo seu pai. Alumna de Haydn e promotora de Mozart, a *Sinfonía en Do maior* amosa a xenialidade dunha compositora cativadoramente clásica. Excepcional e atípica foi tamén a traxectoria da veneciana Maddalena Lombardini: violinista, cantante e compositora. Alumna predilecta do violinista Tartini e eloxiada por Leopold Mozart, ela mesma interpretou por toda Europa a súa música, na que o *Concerto para violín núm. 3* ocupa un lugar privilexiado. Dotado dunha escritura violinística moi virtuosa, o *Concerto* será interpretado nesta ocasión pola artista en residencia Amandine Beyer, na súa dobre faceta de directora e violín solista. A *Sinfonía con fuga en Sol menor* é un exemplo temperán da mestría do compositor František Xaver Richter neste xénero (o da fuga), do que escribiu un tratado co que se formarían as seguintes xeracións de compositores centroeuropeos.







# ABONO ROMPENDO MOLDES

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**Vadym Kholodenko, piano**

Claude Debussy: Prélude à l'après-midi d'un faune
Franz Liszt: Concerto para piano núm. 2 en La maior, S. 125
Joachim Raff: Sinfonía núm. 5 en Mi maior, op. 77 "Lenore"

**MÉR 19 FEB**
**Centro Cultural Afundación, 20:00 h**
**VIGO**

**XOV 20 FEB (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...**
Baldur Brönnimann
Sala Mozart, 19:45 h

Debussy abre o programa cunha obra que desborda sensualidade cromática, o *Prélude à l'après-midi d'un faune*, estreada en 1894. O compositor, que detestaba o cualificativo de impresionista, inspirouse nun poema de Mallarmé para escribir esta peza que marca o inicio da música moderna. Cincuenta anos maior, a boa estrela guiou a vida de Liszt: pianista extraordinario, idolatrado e respectado como ningún outro no seu tempo, o *Concerto para piano núm. 2* é excepcionalmente moderno e representa un completo *tour de force* tanto para o pianista como para a orquestra. Sen o apoio de Liszt, o compositor suízo Joachim Raff non tería escrito once sinfonías, das cales a *Quinta* é a máis descritiva. Foi estreada en 1872 e describe a historia de amor de Lenore e Wilhem, dúas personaxes de lenda gótica que viven o seu encontro nesta música, desde a alegría do primeiro movemento ao místico adeus do último.

Coa participación do alumnado da EAEM

TEMPORADA 2024-2025

# ABONO CORES DE EUROPA

## CICLO DE LIED

**Olga Pasiecznik, soprano**
**Maciej Pilkulski, piano**

EN COLABORACIÓN CON AMIGOS DA ÓPERA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Obras de Chopin-Viardot, Debussy, Duparc, Ravel, Szymanovski, Kossenko, Barvinskyi



**XOV 27 FEB (12€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**



O programa deste concerto convida a unha travesía musical pola rica diversidade da música clásica europea dos séculos XIX e XX. Obras que reflicten brillantez técnica e profundidade emocional, e nas que a sensibilidade lírica de Viardot se fusiona coa maxia do piano de Chopin, creando unha simbiose perfecta entre voz e instrumento pero tamén a sutil beleza do impresionismo francés da man de Debussy e Ravel. Esta viaxe explorará a riqueza das cancións de Duparc, que combinan poesía e música de maneira sublime e será completada cunha fascinante variedade de pezas que van desde as ricas paletas harmónicas e poéticas de Karol Szymanovski e Gabriel Kossenko, ata a profundamente lírica e folclórica de Vasyl Barvinskyi. Unha mostra da amplitude e pluralidade da música europea na que cada compositor achega a súa voz única ao coro da tradición musical.

# MARZO

# ABONO ZAPPEANDO

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Peter Rundel, director**

Charles Ives: Four Ragtime Dances
Ruth Crawford-Seeger: Andante for strings
Edgard Varèse: Déserts
Frank Zappa: Perfect Stranger
Frank Zappa: Dupree´s Paradise
Frank Zappa: Dog Breath Variations / Uncle Meat
Frank Zappa: G-Spot Tornado



**XOV 6 MAR (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...** Peter Rundel
Sala Mozart, 19:45 h

Charles Ives estivo tan fascinado co *ragtime* que entre 1902 e 1904 escribiu máis de 10 obras para orquestra con este ritmo, que significaba para el a esencia da liberdade. Ruth Crawford, unha das compositoras norteamericanas máis importantes do século XX, reúne no seu *Andante for strings* o mellor da súa formación berlinesa cun instinto para a composición realmente asombroso. Moi distinto é o carácter de *Déserts*, a obra que Varèse estaba compoñendo en 1954, cando un novo Frank Zappa, marabillado coa súa música, contacta por primeira vez con el. *Déserts* foi un grande escándalo na súa estrea: salvaxe e pulsional, o transvase entre sons e ruídos artificiais, de fábricas e de barcos crea un material sonoro único, que influirá enormemente na música orquestral de Zappa que protagoniza este concerto, catro obras que amosan a calidade excepcional deste músico que rebordou as fronteiras entre música clásica, jazz, rock e psicodelia.

Coa participación do alumnado da EAEM









# ABONO GRANDES IDEAIS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Pablo González, director**
**David Fernández, trompa**

Unsuk Chin: Subito con forza
Emmanuel Chabrier: Larghetto
Paul Dukas: Villanelle
Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 3 en Mi bemol maior, op. 55 "Heroica"

**XOV 13 MAR (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...**
Pablo González e David Fernández
Sala Mozart, 19:45 h



Un remuíño de sons en movemento é o que a compositora surcoreana Unsuk Chin traza en *Subito con forza*, no que se dan a man a música occidental e a oriental. Puramente francés, Chabrier foi moi eloxiado polas súas óperas e a rapsodia sinfónica *España*; rara vez interpretado, o *Larghetto* respira unha inusual delicadeza tímbrica, depositada na trompa solista. O seu compatriota Paul Dukas compuxo a *Villanelle* como un exercicio de exame, polo que desprega todas as dificultades técnicas posibles a partir dun motivo de caza da trompa. O galego David Fernández, trompa solista na Orquestra Filarmónica de Rotterdam, será o encargado de ambas as interpretacións, que darán paso á *Terceira Sinfonía* de Beethoven. O xenio de Bonn, inspirado e despois decepcionado por Napoleón, desprega nesta obra a enerxía, a tristeza e a intimidade dun xeito nunca antes exposto no xénero sinfónico, motivos polos que foi proclamada hai oito anos como a música mellor composta da historia.

Coa participación do alumnado da EAEM

# ABONO NOVOS TERRITORIOS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**Sara Ferrández, viola**

Charles Ives: Washington’s Birthday

Helga Arias: Título por determinar*
*Co-encarga Real Filharmonía de Galicia - Basel Sinfonietta. Estrea en España

Hector Berlioz: Harold en Italia



**XOV 27 MAR (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...**
Baldur Brönnimann e Sara Ferrández
Sala Mozart, 19:45 h

**VEN 28 MAR**
**Auditorio de Ferrol, 20:30 h**
**FERROL**

O norteamericano Charles Ives é o álter ego doutro artista que foi descoñecido e xenial, o seu coetáneo Fernando Pessoa. Representante exitoso dunha axencia de seguros, Ives gustou tanto da composición como do béisbol. O *Washington’s Birthday* é unha peza independente que tamén constitúe o primeiro movemento da *Holiday Symphony*, todo un canto invernal para as cordas. Helga Arias é a autora da obra de encarga, na que a que a compositora vasca explora a súa habitual ampliación das posibilidades tímbricas dos sons no espazo. O programa finaliza con *Harold en Italia*, unha inusual sinfonía de Berlioz, compositor crítico e mordaz, que plasma nesta obra de 1834 o amor por Italia e pola poesía de Lord Byron, que inspirou esta partitura na que a voz cantante a leva a viola. Aínda que a obra obedece a unha encarga de Paganini, este, desilusionado co carácter anti virtuoso da viola solista, rexeitouna e nunca a interpretou.

Coa participación do alumnado da EAEM





# ABRIL

# ABONO ENCRUCILLADA

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**Iñaki Alberdi, acordeón**

Sofiya Gubaidulina: Fachwerk
Dmitri Shostakovich: Sinfonía núm. 1 en Fa menor, op. 10



**XOV 10 ABR (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...**
Baldur Brönnimann e Iñaki Alberdi
Sala Mozart, 19:45 h

**VEN 11 ABR**
**Centro Cultural Afundación, 20:00 h**
**VIGO**

A biografía de Sofiya Gubaidulina é como unha cartografía sonora da Rusia que lle tocou vivir a esta compositora tártara, de profundas conviccións relixiosas. Persoa non grata para o réxime político, non viaxará ao estranxeiro ata final dos anos 80, década a partir da cal recibirá grandes recoñecementos internacionais. En *Fachwerk* presenta un diálogo entre as dúas culturas musicais que tan ben coñece, a occidental e a tártara, simbolizada no baián, unha sorte de acordeón para o que adoita escribir. Cinco anos antes de nacer Gubaidulina, Shostakovich estreou a súa primeira sinfonía cun grande éxito; era 1926 e o compositor tiña 20 anos. Nela latexa esa ironía burlona que se tornará sarcasmo nas 14 sinfonías seguintes. Shostakovich guíanos pola alegría no primeiro tempo e pola desolación no terceiro, dunha tristeza que abraia nun mozo que compuxo así unha profecía involuntaria.

Coa participación do alumnado da EAEM







# ABONO CONTORNOS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Jessica Cottis, directora**

Raquel García-Tomás: Blind Contours núm. 2
Brett Dean: Testament
Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 7 en La maior, op. 92



**XOV 24 ABR (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...**
Jessica Cottis
Sala Mozart, 19:45 h

**VEN 25 ABR**
**Centro Cultural Afundación**
**20:30 h PONTEVEDRA**

**SÁB 26 ABR**
**Palacio da Ópera**
**20:00 h A CORUÑA**

A artista en residencia Raquel García-Tomás concibe a súa música como un fluído comunicativo coa videocreación e as artes visuais. En *Blind Contours núm. 2* traslada á partitura este concepto da ilustración, que permite debuxar o perfil dun obxecto sen mirar o papel; así, a liberdade dos intérpretes marca o carácter definitivo desta peza. Un certo aroma de despedida teñen as seguintes obras no programa: *Testament*, do australiano Bret Dean, rende homenaxe a Beethoven cos seus sons iniciais de desesperación nas cordas e con citas do seu primeiro cuarteto. O legado que o músico de Bonn fixo á humanidade inclúe a *Sinfonía núm. 7*, obra excepcional eclipsada pola *Pastoral*. Dominada por un ritmo frenético, Schumann veu na Sétima a alegría dun día de voda mentres que o crítico d'Ortigue a recibiu como unha procesión á ultratumba. Beethoven non deixa lugar a medias tintas.

Coa participación do alumando da EAEM

# MAIO





# ABONO MÁIS ALÁ

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**Marie-Claude Chappuis, mezzosoprano**

Miguel Matamoro: Endurance*
*Encarga da RFG. Estrea absoluta

Hector Berlioz: Les Nuits d'été

Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 5 en Do menor, op. 67

**XOV 29 MAI (18€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...**
Baldur Brönnimann
Sala Mozart, 19:45 h

**VEN 30 MAI**
**Auditorio de Ferrol, 20:30 h**
**FERROL**



Miguel Matamoro é un dos compositores da nova xeración galega interesado na procura de conexións entre posibilidades sonoras non exploradas. *Endurance*, encarga da Real Filharmonía de Galicia, inspírase na historia épica dunha travesía mariña ao límite. A temporada chega ao seu fin con dous dos compositores inconformistas que tiveron unha forte presenza nela. Berlioz proponnos unha viaxe polas vertentes máis íntimas da alma humana en *Les Nuites d'été*, seguindo o texto do seu amigo Théphile Gautier, *La comédie de la mort*. Despois, transitamos do Romanticismo francés ao alemán, da man de Beethoven; se no anterior concerto soaba a *Sétima Sinfonía*, a temporada finaliza coa mítica *Quinta*. É esta unha obra que nos interpela sobre o sentido da vida, expresión fonda do compromiso coa humanidade do compositor que revolucionou o devir da historia da arte coas súas obras.

Coa participación do alumando da EAEM

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

# CONCERTOS FÓRA DE ABONO

# #1 (EN)FOCO

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**Vasco Dantas, piano**

George Antheil: Archipelago
Darius Milhaud: La Création du Monde, op. 81
Charles Ives: Three Places in New England
George Gershwin: Rhapsody in Blue



**VEN 17 XAN (10€)**
Entrada con petisco e bebida tras
o concerto na cafetería Lasso (18€)
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**

Os (EN)FOCO son concertos comentados que procuran achegar ao público as chaves musicais das obras interpretadas nun ambiente distendido. O primeiro deles achéganos a George Antheil, un excéntrico compositor norteamericano que traballou na industria cinematográfica, como correspondente e como inventor para poder dedicarse á música que desexaba, como é o caso de *Archipelago*, unha explosión de vitalidade melódica e rítmica. Prosegue o concerto cos sons africanos que inspiran o ballet *La Création du Monde* do francés Darius Milhaud. Nesta obra o saxofón intégrase para retratar o mundo estético dos felices anos 20 nos que emerxe con forza o jazz, igual que na *Rhapsody in Blue*, que se estreou en 1924 co propio Gershwin ao piano. O tamén norteamericano Charles Ives fixo en *Three Places in New England* un retrato sonoro da América deses anos, cos seus himnos patrióticos, melodías de igrexa e músicas de orixe popular enmarcados nunha linguaxe moi cromática, froito dun compositor autoesixente ao límite, que deixou de compoñer no máis completo esquececemento.

Coa participación do alumnado da EAEM









# #2 (EN)FOCO

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**Amandine Beyer, directora e violín**
**Juanjo Guillén, percusión**

Henry Purcell: Curtain Tune on a Ground
Peter Eötvös: Speaking Drums
Henry Purcell: King Arthur *(Suite)*
Johann Sebastian Bach: Suite para orquestra núm. 3 en Re maior, BWV 1068

**XOV 15 MAI**
**Centro Cultural Afundación, 20:00 h**
**VIGO**

**VEN 16 MAI (10€)**
Entrada con petisco e bebida tras o concerto na cafetería Lasso (18€)
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**

A artista en residencia Amandine Beyer e Baldur Brönnimann propoñen un concerto cativador, que funde o Barroco e o século XXI a través das sutís evocacións que unen as obras do programa. Comeza cos sons tempestuosos e teatrais, cheos de brillo rítmico de *Curtain Tune on a Ground* de Purcell, que dan paso a unha obra dunha dramaturxia hipnótica, composta en 2013 por Peter Eötvös, un compositor maxistral, fascinado pola música histórica. En *Speaking Drums* a percusión apodérase da escena para falar, literalmente, co conxunto da orquestra, dun xeito moi teatral. O diálogo transfórmase en loita na *Suite* da ópera *King Arthur*, na que Purcell se centrou máis no transfondo guerreiro da lenda artúrica que no máxico. Bach, a quen cita Eötvös na súa partitura, virá a rebaixar a tensión musical, coa terceira da súas catro *suites para orquestra*, á que pertence a celebérrima *Aria*. A *suite* ábrese cunha fanfarra de fulgor afrancesado que inicia o camiño para unha fuga de gran densidade, característica do xenio do Cantor de Leipzig.

Coa participación do alumnado da EAEM

# CONCERTOS NOS BARRIOS

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Sebastian Zinca, director**

Obras de Beethoven, Schubert, Puccini e Beach



**MÉR 18 SET (Entrada libre)**
**Casa das Máquinas**
**Galeras, 20:00 h**
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**XOV 19 SET (Entrada libre)**
**Centro Socio Cultural**
**de Santa Marta, 20:00 h**
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**VEN 20 SET (Entrada libre)**
**Igrexa de Santa María**
**da Mercé de Conxo, 20:00 h**
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**







# SENSOXENOMA24

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**e BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA**
**DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
**Baldur Brönnimann, director**

Programa sorpresa

INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CIPsi
Centro de Investigação
em Psicologia

**Universidade do Minho**
Escola de Psicologia



**VEN 27 SET (5€ público xeral / 0€ grupo de doantes)**
**Auditorio de Galicia, 18:30 h**

Sensoxenoma é un proxecto desenvolvido polo IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria) e a Real Filharmonía de Galicia, no que se aborda cientificamente a resposta do noso xenoma (ADN) fronte ao estímulo musical. En setembro de 2022 fíxose o primeiro concerto deste proxecto que agora repetimos.

Nel, faise unha recollida de mostras biolóxicas a persoas doadoras voluntarias que permitirá estudar como se expresan os xenes antes e despois de escoitar o programa sorpresa que ofrecerá a orquestra.

# AS CATRO ESTACIÓNS RECOMPOSTAS

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Baldur Brönnimann, director**
**James Dahlgren, violín**

Antonio Vivaldi / Max Richter:
The Four Seasons Recomposed

**SÁB 16 NOV (9€)**
**Cidade da Cultura, Andar -1**
**Museo Centro Gaiás, 20:00 h**



# CANTAMOS!

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia**
**Javier Fajardo, director**
**Susana García Pico, soprano**
**Alberto Miguélez, contratenor**

Antonio Vivaldi: Gloria, RV 589
Georg Friedrich Haendel: O Mesías (extractos)

PROXECTO COLABORATIVO CON COROS DE GALICIA

**VEN 20 DEC (15€)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**
**CONVERSANDO CON...**
Javier Fajardo
Sala Mozart, 19:45 h







# 2° OBRADOIRO DE COMPOSICIÓN

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**Jordi Francés, director**
**José María Sánchez-Verdú, profesor de composición**

Obras seleccionadas do alumnado do obradoiro

EN COLABORACIÓN CO FESTIVAL RESIS

AÏS
ASOCIACIÓN CULTURAL

RESIS
Festival Música Contemporánea

**VEN 9 MAI (Entrada libre ata límite de capacidade)**
**Auditorio de Galicia, 20:30 h**

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

# CONCERTOS DIDÁCTICOS

# O GRANDE BEETHOVEN

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Serviço Educativo da Casa da Música
María Camila Barbosa, directora
Sofía Nereida Pinto, actriz e música
António Miguel Teixeira, actor e músico

OBRAS DE BEETHOVEN

XOV 24 OUT
Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h
PARA CENTROS EDUCATIVOS

VEN 25 OUT
Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h
PARA CENTROS EDUCATIVOS

SÁB 26 OUT (3€)
Auditorio de Galicia, 18:00 h
CONCERTO FAMILIAR



# PREGUNTAS SEN RESPOSTA?

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Sebastian Zinca, director
Olaia Novo, deseño de proxecto

OBRAS DE IVES, SHOSTAKOVICH,
MAHLER E BEETHOVEN

XOV 6 FEB
Auditorio de Galicia, 11:00 h
PARA CENTROS EDUCATIVOS

VEN 7 FEB
Auditorio de Galicia, 11:00 h
PARA CENTROS EDUCATIVOS

SÁB 8 FEB (3€)
Auditorio de Galicia, 18:00 h
CONCERTO FAMILIAR









# PARADE, O CIRCO DOS VALENTES

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
**La Maquiné, compañía de teatro**
**Joaquín Casanova e Elisa Ramos, dramaturxia**
**Joaquín Casanova, dirección**
**José López-Montes, dirección musical e intérprete-pianista**
**Noé Lifona e Elisa Ramos, intérpretes**

OBRAS DE STRAVINSKI, SATIE E POULENC



**XOV 20 MAR**
**Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h**

PARA CENTROS EDUCATIVOS

**VEN 21 MAR**
**Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h**

PARA CENTROS EDUCATIVOS

**SÁB 22 MAR (3€)**
**Auditorio de Galicia, 18:00 h**

CONCERTO FAMILIAR

# ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) é un centro de ensino musical creado en 1997 baixo a competencia da Xunta de Galicia. A súa misión é a formación e perfeccionamento dos futuros profesionais da música, así como a organización de actividades de divulgación musical. A EAEM está moi vinculada á Real Filharmonía de Galicia, coa que forma un único proxecto. O seu profesorado está formado practicamente na súa totalidade por instrumentistas da RFG, o que outorga ao alumnado da EAEM a oportunidade de beneficiarse da experiencia e profesionalidade de músicos en activo altamente cualificados.

Actualmente, a EAEM propón 4 niveis de formación:

**Curso Avanzado de Especialización Orquestal (CAEO)**
**Curso de Especialización Instrumental (CEI)**
**Curso de corda para nenas e nenos**
**Clases maxistrais**



**PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO DA EAEM NA TEMPORADA DA RFG**

**ESTRELAS FANTÁSTICAS:** 3 outubro
**ECOS SINFÓNICOS:** 10 e 11 outubro
**ROMÁNTICA:** 7 e 8 novembro
**DIRECCIÓN FUTURA:** 12 decembro
**#1 (EN)FOCO:** 17 xaneiro
**ÚNICAS:** 30 e 31 xaneiro
**ROMPENDO MOLDES:** 19 e 20 febreiro
**ZAPPEANDO:** 6 marzo
**GRANDES IDEAIS:** 13 marzo
**NOVOS TERRITORIOS:** 27 e 28 marzo
**ENCRUCILLADA:** 10 e 11 abril
**CONTORNOS:** 24, 25 e 26 abril
**#2 (EN)FOCO:** 15 e 16 de maio
**MÁIS ALÁ:** 29 e 30 maio





# CALENDARIO RESUMO

# ABONO

## OUTUBRO

**XOV 3**
**20.30 h**

**ESTRELAS FANTÁSTICAS**
**García-Tomás, Szymanovski, Berlioz**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Alena Baeva, violín
Auditorio de Galicia (18€)

**XOV 10**
**20.30 h**

**ECOS SINFÓNICOS**
**Soutullo, Vaughan Williams, Sibelius**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Sebastian Zinca, director
Auditorio de Galicia (15€)

**XOV 31**
**20.30 h**

**NOVAS VOCES GALEGAS**
**Mozart, Rossini, Cimarosa, J. Strauss**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Diego Martin-Etxebarria, director
Lucía Iglesias, soprano
Emilia Pérez, soprano
Lucas López López, barítono
Auditorio de Galicia (18€)

## NOVEMBRO

**XOV 7**
**20.30 h**

**ROMÁNTICA**
**García-Tomás, Bruckner**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Auditorio de Galicia (15€)

**VEN 15**
**20.30 h**

**CANTOS DE AMOR E DE BERCE**

**CICLO DE LIED**
Simona Šaturová, soprano
Marek Kozák, piano
Auditorio de Galicia (12€)

**XOV 21**
**20.30 h**
**CINEUROPA**
**Brock**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Timothy Brock, director
Auditorio de Galicia (15€)

**XOV 28**
**20.30 h**
**OS ELEMENTOS**
**Rebel, Jacquet de la Guerre, Leclair, Rameau**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Amandine Beyer, directora e primeiro violín
Auditorio de Galicia (15€)

## DECEMBRO

**XOV 5**
**20.30 h**
**DESAFIANTES**
**Beethoven, Mozart, Martinez, Schubert**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Nil Venditti, directora
Noelia Rodiles, piano
Auditorio de Galicia (18€)

**XOV 12**
**20.30 h**
**DIRECCIÓN FUTURA**
**Carta branca das persoas abonadas**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Auditorio de Galicia (15€)

**XOV 19**
**20.30 h**
**CANTAMOS!**
**Vivaldi, Haendel**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Javier Fajardo, director
Coro da OSG
Coros de Galicia
Susana García Pico, soprano
Alberto Miguélez, contratenor
Auditorio de Galicia (15€)

## XANEIRO

**DOM 5**
**20.30 h**
**O INCONFORMISTA** Concerto de Reis
**Grieg**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Tamar Novas, actor
Auditorio de Galicia (15€)

**XOV 23**
**20.30 h**
**ORQUESTRA CONVIDADA**
**Schumann, Mahler**

**ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**
Markus Stenz, director
Liza Ferschtman, violín
Auditorio de Galicia (18€)

**XOV 30**
**20.30 h**
**ÚNICAS**
**Mendelssohn Bartholdy, Clyne, Beethoven**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Chloé van der Soeterstède, directora
Nadège Rochat, violonchelo
Auditorio de Galicia (18€)

## FEBREIRO

**XOV 13**
**20.30 h**
**MARIANNE E MADDALENA**
**Martinez, Lombardini, Richter**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Amandine Beyer, directora e violín
Auditorio de Galicia (18€)

**XOV 20**
**20.30 h**
**ROMPENDO MOLDES**
**Debussy, Liszt, Raff**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Vadym Kholodenko, piano
Auditorio de Galicia (18€)

**XOV 27**
**20.30 h**
**CORES DE EUROPA**
**CICLO DE LIED**
Olga Pasiecznik, soprano
Maciej Pilkulski, piano
Auditorio de Galicia (12€)

## MARZO

**XOV 6**
**20.30 h**
**ZAPPEANDO**
**Zappa, Varèse, Ives, Crawford-Seeger**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Peter Rundel, director
Auditorio de Galicia (15€)

**XOV 13**
**20.30 h**
**GRANDES IDEAIS**
**Chin, Chabrier, Dukas, Beethoven**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Pablo González, director
David Fernández, trompa
Auditorio de Galicia (18€)

**XOV 27**
**20.30 h**
**NOVOS TERRITORIOS**
**Ives, Arias, Berlioz**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Sara Ferrández, viola
Auditorio de Galicia (18€)

## ABRIL

**XOV 10**
**20.30 h**
**ENCRUCILLADA**
**Gubaidulina, Shostakovich**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Iñaki Alberdi, acordeón
Auditorio de Galicia (18€)

**XOV 24**
**20.30 h**
**CONTORNOS**
**García-Tomás, Dean, Beethoven**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Jessica Cottis, directora
Auditorio de Galicia (15€)

## MAIO

**XOV 29**
**20.30 h**
**MÁIS ALÁ**
**Matamoro, Berlioz, Beethoven**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Marie-Claude Chappuis, mezzosoprano
Auditorio de Galicia (18€)

# SANTIAGO FÓRA DO ABONO

## SETEMBRO

**CONCERTOS NOS BARRIOS**
**Beethoven, Schubert, Puccini, Beach**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Sebastian Zinca, director

**MÉR 18 20.00 h** Casa das Máquinas de Galeras (Entrada libre)

**XOV 19 20.00 h** Centro Socio Cultural de Santa Marta (Entrada libre)

**VEN 20 20.00 h** Igrexa de Santa María da Mercé de Conxo (Entrada libre)

**VEN 27 18.30 h**
**SENSOXENOMA24**
**Programa sorpresa**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA e BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
Baldur Brönnimann, director
Auditorio de Galicia (5€)

## NOVEMBRO

**SÁB 16 20.00 h**
**AS CATRO ESTACIÓNS RECOMPOSTAS**
**Vivaldi / Richter**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
James Dahlgren, violín
Museo Centro Gaiás, Cidade da Cultura (9€)

## DECEMBRO

**VEN 20 20.30 h**
**CANTAMOS!**
**Vivaldi, Haendel**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Coro da OSG
Coros de Galicia
Javier Fajardo, director
Susana García Pico, soprano
Alberto Miguélez, contratenor
Auditorio de Galicia (15€)

## XANEIRO

**VEN 17 20.30 h**
**#1 (EN)FOCO**
**Gershwin, Antheil, Milhaud, Ives**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Vasco Dantas, piano
Auditorio de Galicia (10€ concerto / 18€ con petisco e bebida)

## MAIO

**VEN 9 20.30 h**
**2ºOBRADOIRO DE COMPOSICIÓN**
**Obras do alumnado do obradoiro**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Jordi Francés, director
José María Sánchez-Verdú, profesor
Auditorio de Galicia (Entrada libre)

**VEN 16 20.30 h**
**#2 (EN)FOCO**
**Purcell, Eötvös, Bach**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Amandine Beyer, directora e violín
Juanjo Guillén, percusión
Auditorio de Galicia (10€ concerto / 18€ con petisco e bebida)

# DIDÁCTICOS

## OUTUBRO

**XOV 24**
**O GRANDE BEETHOVEN**
**Beethoven**

**VEN 25 10.00 h 12.00 h**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Serviço Educativo da Casa da Música
María Camila Barbosa, directora
Sofía Nereida Pinto, actriz e música
António Miguel Teixeira, actor e músico
Só centros educativos

**SÁB 26 18.00 h** Auditorio de Galicia (3€)
Concerto familiar

## FEBREIRO

**XOV 6**
**PREGUNTAS SEN RESPOSTA?**
**Ives, Shostakovich, Mahler, Beethoven**

**VEN 7 11.00 h**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Sebastian Zinca, director
Olaia Novo, deseño do proxecto
Só centros educativos

**SÁB 8 18:00 h** Auditorio de Galicia (3€)
Concerto familiar

## MARZO

**XOV 20**
**PARADE, O CIRCO DOS VALENTES**
**Satie, Stravinski, Poulenc**

**VEN 21 10.00 h 12.00 h**

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
La Maquiné, compañía de teatro
Joaquín Casanova e Elisa Ramos, dramaturxia
Joaquín Casanova, dirección
José López-Montes, dirección musical e intérprete-pianista
Noé Lifona e Elisa Ramos, intérpretes
Só centros educativos

**SÁB 22 18:00 h** Auditorio de Galicia (3€)
Concerto familiar

# RFG EN GALICIA

## OUTUBRO

**VEN 11** **20.30 h**
**ECOS SINFÓNICOS**
**Soutullo, Vaughan Williams, Sibelius**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Sebastian Zinca, director
Centro Cultural Afundación
PONTEVEDRA

**VEN 31** **20.30 h**
**ÚNICAS**
**Mendelssohn Bartholdy, Clyne, Beethoven**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Chloé van der Soeterstède, directora
Nadège Rochat, violonchelo
Auditorio de Ferrol
FERROL

## NOVEMBRO

**VEN 8** **20.00 h**
**ROMÁNTICA**
**García-Tomás, Bruckner**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Centro Cultural Afundación
VIGO

**VEN 29** **20.00 h**
**OS ELEMENTOS**
**Rebel, Jacquet de la Guerre, Leclair, Rameau**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Amandine Beyer, directora e violín
Teatro Principal
OURENSE

## DECEMBRO

**VEN 6** **20.00 h**
**DESAFIANTES**
**Beethoven, Mozart, Martinez, Schubert**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Nil Venditti, directora
Noelia Rodiles, piano
Círculo das Artes
LUGO

## XANEIRO

**XOV 9** **20.00 h**
**O INCONFORMISTA** Concerto de Reis
**Grieg**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Tamar Novas, actor
Centro Cultural Afundación
VIGO

## FEBREIRO

**VEN 14** **20.00 h**
**MARIANNE E MADDALENA**
**Martinez, Lombardini, Richter**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Amandine Beyer, directora e violín
Círculo das Artes
LUGO

**MÉR 19** **20.00 h**
**ROMPENDO MOLDES**
**Debussy, Liszt, Raff**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Vadym Kholodenko, piano
Centro Cultural Afundación
VIGO

## MARZO

**VEN 28** **20.30 h**
**NOVOS TERRITORIOS**
**Ives, Arias, Berlioz**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Sara Ferrández, viola
Auditorio de Ferrol
FERROL

## ABRIL

**VEN 11** **20.00 h**
**ENCRUCILLADA**
**Gubaidulina, Shostakovich**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Iñaki Alberdi, acordeón
Centro Cultural Afundación
VIGO

**VEN 25** **20.30 h**
**CONTORNOS**
**García-Tomás, Dean, Beethoven**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Jessica Cottis, directora
Centro Cultural Afundación
PONTEVEDRA

**SÁB 26** **20.00 h**
Palacio da Ópera
A CORUÑA

## MAIO

**XOV 15** **20.00 h**
**#2 (EN)FOCO**
**Purcell, Eötvös, Bach**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Amandine Beyer, directora e violín
Juanjo Guillén, percusión
Centro Cultural Afundación
VIGO

**VEN 30** **20.30 h**
**MÁIS ALÁ**
**Matamoro, Berlioz, Beethoven**
**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**
Baldur Brönnimann, director
Marie-Claude Chappuis, soprano
Auditorio de Ferrol
FERROL

# CONDICIÓNS APLICABLES AOS ABONOS DA PROGRAMACIÓN 2024–2025

## VALIDEZ DO ABONO

Os abonos poderán ser cuadrimestrais ou anuais e serán válidos para as actividades indicadas nesta publicación.

## LOCALIDADES

A persoa abonada recibirá unha tarxeta de abono que conterá as entradas co mesmo número de fila e butaca para todo o período de abono mercado. Poderase reutilizar a tarxeta de temporadas pasadas. Unha vez retirada a tarxeta a persoa farase responsable dela. Para os abonos individuais o Auditorio entregará un duplicado de tarxeta en caso xustificado de perda, deterioro, roubo ou destrución. Para os abonos colectivos non se entregarán duplicados de tarxeta, en caso de solicitude dunha nova tarxeta deberase abonar a cantidade de 5 € por tarxeta extraviada.

## UTILIZACIÓN

A persoa abonada que non faga uso do abono, nalgún ou todos os concertos, non terá dereito a ningún reintegro económico.

A tarxeta de abono que dá acceso aos concertos estará identificada nominalmente, pero isto non impide que sexa transferible a outras persoas.

No caso de que a persoa abonada non poida asistir ao concerto, poderá asistir outra persoa no seu lugar coa súa tarxeta de abono. Para o efectivo control de entrada e para ser responsables da trazabilidade das e dos asistentes, en caso de que fose necesario, a persoa abonada deberá comunicar ao Auditorio de Galicia o nome e datos de contacto de quen asistiu no seu lugar.

## ORGANIZACIÓN

Se por razóns de organización houbese que programar un dos concertos de abono mediante entradas non numeradas, a persoa abonada, aínda que estea en posesión das súas localidades numeradas, deberá aterse ás butacas dispoñibles no momento de acceder á sala, sen ningún dereito a esixir filas ou butacas ocupadas.

## ALTERACIÓNS

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de alterar o día, hora e lugar dos concertos, substituír a artistas ou formacións musicais, así como cancelar calquera dos concertos programados.

Calquera destes supostos non dará dereito ao reintegro do importe do abono.

## RENOVACIÓN DE ABONOS

Os días 17, 18, 19, 20, 21 e 24 e 25 de xuño de 2024: no teléfono do Auditorio 981 571026, de 10:00 h a 14:00 h.

## NOVOS ABONOS

Os días 26, 27, 28 de xuño e 16, 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2024: no despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 10:00 h a 14:00 h.

## ABONOS COLECTIVOS

Os días 16, 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2024, no despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 11:00 h a 14:00 h.

• Haberá 50 abonos á venda a disposición de asociación culturais e veciñais, escolas de música e centros educativos públicos. Para a compra destes abonos deberá acreditarse documentalmente a pertenza aos colectivos especificados.

• Cada entidade poderá dispoñer dun único abono.

• Cada abono contén catro entradas por concerto.

• Deberá adquirirse o abono para toda a temporada.

• Serán asignadas filas e butacas unha vez rematada a renovación de abonos e compra de novos abonos.

• En caso de ter máis solicitudes que abonos colectivos dispoñibles, serán adxudicados por sorteo.

## MODALIDADE DE ABONO

**ABONO A**
outubro 2024 - maio 2025
22 Concertos: 357,00€
25% desconto: 267,75€
Abono especial: 178,50€

**ABONO B**
outubro 2024 - xaneiro 2025
13 Concertos: 207,00€
15% desconto: 175,95€
Abono especial: 103,50€

**ABONO C**
febreiro - maio 2025
9 Concertos: 150,00€
15% desconto: 127,50€
Abono especial: 75,00€

**(EN)FOCO**
(non están incluídos no ABONO)
Concerto: 10,00€
Entrada con petisco e bebida tras o concerto na cafetería Lasso (18€)

**ABONO FLEXIBLE 5** (5 concertos a elixir): 62,50€
**ABONO FLEXIBLE 10** (10 concertos a elixir): 125,00€

As persoas portadoras dos bonos FLEXIBLE 10 e FLEXIBLE 5 poderán acceder, respectivamente, a 10 ou 5 concertos da súa escolla entre todos os programados na tempada, sempre e cando aínda queden localidades dispoñibles.

(1): Abono Especial (para estudantes e persoas xubiladas co 50% de desconto)

(2): Abono Colectivo: 600,00€

## VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada: a partir do día 24 de setembro. Preferentemente deberase mercar as entradas en: compostelacultura.gal

• Na Zona C: Punto de información cultural (Preguntoiro, 1. Praza de Cervantes). De martes a sábado de 10:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 19:00 h.

• No despacho de billetes do Auditorio de Galicia, só os días do concerto de 19:30 h a 20:30 h.

## MÉTODO DE PAGO

Mediante pago por transferencia bancaria ou tarxeta Visa ou Mastercard.

## DESCONTOS E PREZOS ESPECIAIS

As entradas soltas para cada concerto terán os descontos habituais do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. Descontos non acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

• A entrada para os Concertos familiares da RFG terá un prezo de 3 euros.

## REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

**DIRECTOR ARTÍSTICO E TITULAR**
Baldur Brönnimann
**DIRECTOR ASISTENTE**
Sebastian Zinca
**FRAUTAS**
Laurent Blaiteau
Luís Soto
**ÓBOES**
Christina Dominik
Esther Viúdez
**CLARINETES**
Beatriz López
Vicente López
**FAGOTS**
Juan Carlos Otero
Manuel Veiga
**TROMPAS**
Jordi Ortega
Alfredo Varela
Xavier Ramón
**TROMPETAS**
Javier Simó
Ramón LLátser
**TIMBAL**
José Vicente Faus
**VIOLÍNS I**
James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu, coprincipal
Ildikó Oltai
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryczel
**VIOLÍNS II**
Grigori Nedobora
Nikolay Velikov
Samira Ajkic
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Elina Viksne
Gyula Vadaszi
**VIOLAS**
Natalia Madison
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
**VIOLONCHELOS**
Plamen Velev
Barbara Switalska
Millán Abeledo
Carlos García
Thomas Piel
**CONTRABAIXOS**
Carlos Méndez
Alfonso Morán
Amador del Pozo

## EQUIPO TÉCNICO DA RFG

**DIRECTORA TÉCNICA**
Sabela García Fonte
**COORDINADORA DE ACTIVIDADES**
Mariluz González Domínguez
**PRODUCIÓN**
Esther Calvo Vázquez
**ADMINISTRACIÓN**
Aurora Díaz Varela
**ARQUIVEIRA**
María del Carmen Lorenzo Vizcaíno
**UTILLEIROS**
F. Fernández
Juan Ramos Martínez (Servicio Móvil)

## CONSORCIO DE SANTIAGO

**CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN**
**Presidencia**
Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela
**Vicepresidencias**
Lidia Sánchez Milán
Subsecretaria do Ministerio de Facenda
José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia
**Vogalías**
Jesús Manuel Gómez García
Subsecretario de Transportes e Mobilidade Sostible
María del Carmen Páez Soria
Subsecretaria do Ministerio de Cultura
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia
Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia
Miguel Corgos López-Prado
Conselleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia
Borja Verea Fraiz
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela
Gonzalo Muíños Sánchez
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela
**Secretaría**
José Manuel González García
Secretario do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela
**Asisten con voz e sen voto**
José Manuel González García
Vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela e secretario do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela
Belén Hernández Lafuente
Xerente do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela
Juan Ramón González Carnero
Interventor do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e interventor do Concello de Santiago de Compostela
Por invitación da presidencia: María Rozas Pérez
Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

**COMISIÓN EXECUTIVA**
**Presidencia**
Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela
**Vogalías**
Juan Ángel Esteban Paul
Inspector xeral do Ministerio de Facenda
Mª Elvira Casal García
Secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia
**Secretaría**
José Manuel González García
Secretario do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela
**Asisten con voz e sen voto**
Borja Verea Fraiz
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela
Gonzalo Muíños Sánchez
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela
Juan Ramón González Carnero
Interventor do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e interventor do Concello de Santiago de Compostela
Belén Hernández Lafuente
Xerente do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela
**UNIDADE ADMINISTRATIVA**
Laura Castro Caamaño
Emilia Díaz Varela
Elisa González Rosendo
Jorge Sampayo Salgueiro
Mercedes Suárez Louzao
Begoña Vázquez Rodríguez

## AUDITORIO DE GALICIA

**CONSELLO REITOR**
**Presidenta**
Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela
**Vogais**
José Antonio Constenla Ramos
Miriam Louzao Fernández
Mercedes Rosón Ferreiro
María Rozas Pérez
**Secretario**
José Manuel González García
**Interventor**
Juan Ramón González Carnero
**Director–Xerente**
Xaquín López González
**Persoal**
David Areán Rivas
Chus Busto Castiñeiras
Santiago Cabrera Fontenla
Jordi Castaño Piñeiro
Rogelio Fernández García
Antonio Liñares Fernández
Carlos Marcote Antelo
José Mayo Suárez
Carlos Millán Calenti
Silvia Modia Ferreiro
Ángeles Otero Cabanas
Ana Parga Salgado
Ángela Pereira Costa
Silvia Roca Baamonde
Javier Rodríguez Sanmartín
José Rodríguez Sanmartín
Antonio Vieites Balsa

## CREATIVIDADE E COMUNICACIÓN

**Textos do programa**
Rosa María Fernández
Doutora en Musicoloxía

**Deseño e maquetación**
Julia G. Yánez

**Comunicación**
Thaís Menezes de Oliveira
(100x100 Comunicación + Creatividade)



www.rfgalicia.org

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Compostela Cultura

TEMPORADA
**2024 - 2025**
AUDITORIO DE GALICIA

**AUDITORIO DE GALICIA**
Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

**DESPACHO DE BILLETES**
AUDITORIO 981 751 026 | 981 573 979
ZONA C 981 542 462

**OFICINAS**
981 552 290 | 981 574 152

**rfgalicia.org**
**compostelacultura.gal**

**INSTAGRAM**
@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

**FACEBOOK**
RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

**TWITTER**
@CCultura

**TIKTOK**
@realfilharmoniadegalicia

CONSORCIO DE SANTIAGO
GOBIERNO DE ESPAÑA
CONCELLO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA
AUDITORIO DE GALICIA
Deputación DA CORUÑA